



Concello de Barbadás

PLAN DE MANTEMENTO DO EMPREGO PARA PERSOAS TRABALLADORAS AUTONÓMAS CON PERSOAL, MICROEMPRESAS E PEMES

Quen pode solicitar a axuda?

As persoas autónomas con persoal contratado e as microempresas de calquera sector.

As pemes encadradas nun sector cuxa actividade estivera especialmente paralizada poderán acceder a unha axuda específica.

Enténdese como actividade paralizada:

☒ O lecer nocturno, as salas de concertos, cafés-concerto, karaokes, pubs e análogos.

☒ As relacionadas coas atraccións de feiras (comercio alimentación, téxtil, comida e bebida, outros produtos de mercados de rúa) e azar e apostas.

☒ As seguintes actividades: taxi, transporte marítimo de pasaxeiros e por vías navegables interiores, comidas preparadas para eventos, cines, axencias de via-xes, operadores turísticos e servizos relacionados, organización de convencións, artes escénicas e auxiliares, salas de espectáculos, parques de atraccións e temáticos e outras actividades recreativas.

Requisitos

a) Domicilio fiscal en Galicia.

b) Que teñan ou tiveran autorizado un ERTE pola COVID-19 desde a declaración do estado de alarma.

c) Que a súa facturación baixara, polo menos, o 45 % no ano 2020 (comparación entre o facturado en todo o 2019 e os tres primeiros meses de 2020). Deberán acreditarlo antes do 31 de xaneiro.

d) As pemes, ademais, deben encadrarse nun dos sectores paralizados.

Contía das axudas

a) 4000 € para as persoas traballadoras autónomas de calquera sector, que se aboarán en dous pagamentos de 2000 euros (cando se concedan e no 2021).

b) 5000 € para as pemes encadradas en sectores cuxa actividade estivera especialmente paralizada, que se aboarán en dous pagamentos de 2500 euros (o primeiro cando se conceda e o segundo en xaneiro de 2021 despois da comprobación de que cumpre os requisitos).



Concello de Barbadás

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia (28 de novembro de 2020).

Presentación de solicitudes

☑ Obrigatoriamente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible como anexo I na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>.

☑ A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigado cumprimento.

☑ O prazo máximo para que se resolva e notifique é dun mes.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

a) Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.

b) Cumprir os requisitos.

c) Manter a actividade e o emprego durante seis meses desde a publicación desta orde de convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

d) Presentar os indicadores de resultados inmediatos, segundo o modelo que estará á súa disposición na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade.

Máis información

☑ DOG Nº 240. Venres, 27 de novembro de 2020:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201127/AnuncioG0599-261120-0001_gl.pdf

☑ Sede electrónica: código de procedemento TR400B

☑ No teléfono 900 815 600

☑ Na web: www.oficinadoautonomo.gal

☑ Estas axudas serán compatibles con calquera outra.